



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as listas provisionais de persoal admitido e excluído do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).

Para darlle cumprimento ao disposto na base cuarta da Orde do 4 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro: Facer pública as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas por corpos, reservas e especialidades, de acordo co que establece a base 4.1 da Orde do 4 de xuño de 2020.

Segundo: publicar esta resolución, xunto coas listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, na dirección electrónica www.edu.xunta.gal, de acordo co que establece a base 4.1 da orde de convocatoria.

Terceiro: Contra a lista provisoria o persoal interesado poderán formular as reclamacións oportunas dirixidas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por algún dos medios que se establecen na base 3.8 da Orde do 4 de xuño de 2020.

Cuarto. O feito de figurar na relación de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as esixencias da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado dixitalmente

